

A responsabilidade do BCE no aumento da morosidade

Eduardo L. Giménez Abad (*)

As declaracións de Claude Trichet, Presidente do Banco Central Europeo (BCE), suxerindo novamente a gran posibilidade de subida das taxas de xuro de referencia do BCE na reunión en xullo, como finalmente ocorreu, coincidiron coas estimacións da Asociación Hipotecaria Española dun incremento da morosidade hipotecaria do 2% para final de ano. Tentaremos de aclarar as razóns da subida das taxas de xuro, e responsabilidade do BCE da morosidade hipotecaria, apoitándonos na teoría económica.

A misión do Banco Central Europeo (BCE) é velar pola estabilidade de prezos. Unha das razóns centrais desta encomenda é que o incremento dos prezos ten un gran problema: poden xerar expectativas inflacionarias. Estas expectativas son moi nocivas, logo que realimentan unha espiral de subida de prezos: se suben os prezos, os traballadores negocian salários máis altos, o que ocasiona maiores custos para as empresas, que repercute en maiores prezos dos produtos que venden, e novas renegociacións salariais á alza.

Esta creación de expectativas é o que quere evitar o BCE a toda costa ca subida de xullo. Agora ben, cómo é que controla o BCE o incremento de prezos? Cunha ferramenta de política monetaria: incrementando a taxa de xuro á que presta aos bancos comerciais. Esta subida da taxa de xuro de referencia do BCE ocasiona que, a súa vez, os bancos comerciais incrementen as súas taxas de xuros á que prestan aos seus clientes, provocando unha diminución dos prezos, e unha contracción da demanda e polo tanto, contendo os prezos.

E cómo afecta esta política monetaria contractiva do BCE ás economías familiares? Por unha banda, restrinxen as súas compras pois mercar a prazo vai-lles saír máis caro, e incentívase o aforro; por outra banda, incrementáanse as débedas daquelas economías domésticas que pidiron préstamos con taxas de xuro variabeis como é o caso das hipotecas, indiciadas ao Euribor. Daquela o incremento da morosidade hipotecaria do 2% que a Asociación Hipotecaria Española ven de anunciar.

En liña con estas previsións, nas últimas

semanas e meses temos escoitado declaracións de diversos políticos aconsellando responsabilidade ao presidente do BCE nas subidas das súas taxas de xuro de referencia. E mesmo aparecen na prensa casos designados de familias nas que as cuotas das súas hipotecas vense de duplicar nos últimos anos, xunto con comentarios de analistas que piden ao BCE unha rebaixa das taxas de xuro para aliviar estas situacións. Eiquí hai unha cuestión de fondo: ¿por qué se endebedaron tanto as economías domésticas nos últimos anos? A teoría económica pode axudarnos a atopar unha resposta.

Hai que lembrar que o diñeiro que se pide prestado hoxe, ten que devolverse no futuro. O que observamos ao longo dos últimos anos foi que moitas familias prefiriron consumir no presente en troques de aforrar e consumir no futuro. A razón, seguramente, foi porque consideraban que consumir no presente era máis barato que consumir no futuro. E cómo sabían estas economías domésticas que eran máis baratos? Porque así o sinalaban os prezos dos bens hoxe a respecto dos prezos dos bens no futuro.

Explicome: prefiriron consumir no presente a consumir no futuro porque as taxas de xuro dos préstamos eran (moi) baixas, e pedir prestado éra (moi) barato. Eis, cicais deberíamos concluir que a responsabilidade do repunte da morosidade das economías familiares non habería que botala á actual subida das taxas de xuro, senón todo o contrario: a responsabilidade recae nos responsabais da política monetaria europea que baixaron demasiado as taxas dende o ano 2000 seguramente empuxados polas baixadas da Reserva Federal tras os ataques terroristas do 11-S. Isto foi o que lanzou a moitas economías familiares a endebedarse. Sen quitar a responsabilidade individual das persoas que piden diñeiro sen ter garantías de pode-lo devolver, non hai razóns financeiras que prestaron ás economías familiares con pouca capacidade para devolver as súas débedas no caso de que a situación económica empeorara.

(*) **Departamento de Fundamentos da Análise Económica da Universidade de Vigo**